

O CAMIÑO INGLES “O OUTEIRO NA PARROQUIA DE POULO”

Ferrol e A Coruña son os puntos de partida das dúas alternativas do Camiño Inglés.

O tramo mellor conservado do camiño inglés atopase na parroquia de Poulo, un fermoso percorrido a través dun túnel vexetal. Faremos o tramo o revés, comenzaremos en Outeiro de Arriba e pasaremos a a carón da igrexa de San Xián de Poulo, para logo rematar nunha casa de turismo rural, despois de percorrer aproximadamente un quilometro.



Tramo do camiño Inglés na parroquia de Poulo, Ordes

Se seguirmos o camiño Inglés cara Compostela chegaríamos a Senra e Calle parroquias de Poulo cun unha sinxela casa do século XVI onde Felipe II descansou en 1554, como se pode leer nunha pedra o carón izquierdo don lintel: EN STA CASA POSO EL REI D PHELIPE II AZS DE ANNO DE 1554. No dintelten gravado o escudo que serviu de modelo ó do concello de Ordes, consta dun castelo con torre sobreposta e tres flores de lis, timbrado con coroa real. E outras dos séculos XVII e XVIII,



Casa do século XVI en Calle Parroquia de Poulo por donde pasou Felipe II

Moitos e dende moi antigo percorreron este camiño, entre os peregrinos e viaxeiros máis ilustres do pasado do que temos constancia son, o rei noruegués **Sirgud** no **1108**, o primeiro peregrino escandinavo a Galicia, e o primeiro anglosaxón parece que foi o que despois sería **San Godric**, na primeira década do século XI.

O primeiro itinerario marítimo coñecido, escrito entre 1154 e 1159 polo monxe islandés **Nicolás Bergsson**, describe a viaxe dende Islandia ata Dinamarca, e a pé ata Roma. Esta ruta marítima seguírona os islandeses e escandinavos que peregrinaron a Santiago.

As noticias das cruzadas medievais remóntanse ó século XI, as vellas crónicas recollen, por exemplo, a travesía que o 15 de maio de 1189 emprenderon sesenta naves danesas dende Inglaterra ata o litoral coruñés. Os cruzados que viaxaban a bordo fixeron escala en Galicia para visita-la tumba do Apóstolo Santiago antes de poñer rumbo a Xerusalén.



Na quinta cruzada, chegaron no 1217 ao porto da Coruña 350 barcos con cruzados **holandeses, xermanos, frisóns, flamencos e noruegueses**, e todos dunha vez. Nun día e nunha noite foron a Santiago. Estiveron na Coruña nove días; impacientes, moitos zarparon antes de se calmaren os ventos e naufragaron en distintos puntos da costa galega; cando se volveron a xuntar en Lisboa para intervir na Reconquista portuguesa xa tiñan morto un terzo.

Unha das primeiras licencias para transportar peregrinos ingleses ata as costas galegas está documentada pola profesora británica **Constance Mary Storrs** e corresponde ó ano 1235.

Durante o século XIV e o primeiro terzo do XV, os británicos empregaron o barco para vir a Santiago. A súa presenza está dabondo probada coas pezas de cerámica e numismática inglesas da época achadas nas escavacións da catedral compostelá.



Tramo do camiño Inglés por Outeiro de Arriba, Poulo



Igrexa de San Xián de Poulo, un templo románico situado en Outeiro de Arriba e coroado por cruces de aspecto precéltico

No 1386, no marco da Guerra dos Cen Anos, o **Duque de Lancaster** fixo unha visita guerreira a Compostela. Tardou cinco días en facer a travesía desde Brest á Coruña; cando uns cabaleiros-peregrinos franceses que estaban en Compostela se decataron, montaron a cabalo e chegaron aquela mesma noite; pero non puideron evitar que o Duque co seu exército chegase ás portas de Compostela, cuxas chaves lle foron entregadas. A finais do século XIV a romaría marítima medrara dun xeito notorio.

No 1417 a escritora **Margery Rompe**, coñecedora tamén de Roma e Xerusalén, empregou unha semana na viaxe de Bristol á Coruña e cinco días para o regreso. A narración de **William Wey**, mestre en Eton, da súa travesía á Coruña no 1456 é probablemente a maior contribución individual inglesa á historia das peregrinacións dende as Illas británicas. No relato conta, entre outros aspectos, os seus tres días na Coruña; narra, por exemplo, como ouviu predicar en inglés a un bacharel desa mesma nacionalidade na igrexa dos franciscanos da Coruña.

Ademais dos ingleses, os **alemáns** tamén foron moi asiduos do porto coruñés; sirva como exemplo que no ano 1473 partiron de Hamburgo catro navíos en dirección á Coruña.

Estes camiños saben do paso de **Robert Langton**, nos primeiros anos do século XV; de **Mártir, bispo de Arzandjan** fixo unha peregrinaxe a Roma en 1489, achegándose despois a Santiago en 1491; de **Antonio de Lalaing, señor de Montigny**, de **Carlos de Lannoy** e de **Antonio de Queivarnts** (1502).

As ofrendas ao Apóstolo son outra pegada da existencia das peregrinacións marítimas. A máis célebre é o retablo portátil de alabastro doado no 1456 polo clérigo **John Goodyear**; ou a Cruz de perlas doada polo rei **Xacobe IV de Escocia** (1475-1513).

Do astrónomo **Bartolomeo Fontana** (1539), que sinala, no seu itinerario, o seu paso por Ribadeo, Vilalba e Betanzos, vila á que se refire como “bittanza città é porto di mare”;

Tamén membros da familia real española fixeron peregrinación a Compostela usando o porto coruñés. **Carlos I**, no 1520, embarcou desde o porto coruñés para ser coroado emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico. Tamén **Felipe II** fixo desde A Coruña a viaxe por mar para casar coa raíña María Tudor de Inglaterra en xuño de 1554.

A Reforma protestante provocou a crise da ruta marítima xa que os que máis a utilizaban (ingleses, escandinavos, e xermanos do norte) foron os primeiros en adherirse ás novas ideas.

O astrónomo veneciano **Bartolomeo Fontana** viaxou a Compostela no ano 1538, entrando en Galicia por Ribadeo e pasando polas rías de Ortigueira, Ferrol e Ares na que se hospedou no hospital de Pontedeume situado no medio da ponte, e da que dixo “en todos os meus días nunca vin unha ponte de semellante lonxitude”.

Tamén o futuro **Cosme III de Médicis** fixo unha viaxe a Compostela, aínda que, segundo contan, non quedou moi satisfeito dela.

En 1609 viaxou a Compostela **Jacobo de Sobieski**, pai de Xoán III rei de Polonia.

Un valioso testemuño para o coñecemento do Camiño Real da Coruña a Santiago, e de Ferrol a Santiago, constitúeno as viaxes que fixo o **Padre Martín Sarmiento** no 1745 e 1754 da que nós nos servimos.

No 1806 o conde e arqueólogo francés **A. de Laborde** deixou relatada a viaxe Coruña-Santiago, marcando as distancias en leguas; afirma que o camiño é moi fermoso.

No século XIX houbo un rexurdir das peregrinacións o que ten moito que ver co espírito emprendedor de **Thomas Cook**; foi el quen fixo a primeira expedición organizada a Terra Santa no 1867.

Os peregrinos contaron cos hospitais da Orde franciscana do Sancti Spiritus, baixo os auspicios do nobre Fernán Pérez de Andrade, “O Bo”. No treito que parte de Ferrol situábanse en Ferrol, Neda, Miño, Paderne e Betanzos. Na ruta que nace na Coruña contaban con hospitais na cidade e cos de Sigrás e **O Poulo**, a medida que avanzaban. Os arquivos destes hospitais dan noticia de pasamentos de **ingleses, nórdicos, alemáns, franceses e italianos**, un dato máis que amosa a relevancia das peregrinacións por esta ruta.

Moitas son as referencias que se fan a beleza do camiño como por exemplo:

Ziegler: *Un camiño de deuses*.

Antonio de la Iglesia: *Verxel encantado ó que Deus lle concedeu a amenidade do Xordán e a fertilidade do Hebrón*.

O **padre Sarmiento** refírese ó tramo entre Ponte Baxoi e A Ponte do Porco cando afirma que *este territorio intermedio é o máis divertido á vista que se pode desexar*.